



das facendas locais, dentro do prazo dun mes desde a finalización da exposición, ante o alcalde do concello, ou calquera outro que estime conveniente.

Os recibos non aboados no período de pago voluntario incorrerán nunha recarga do 5%, 10% e 20%, segundo proceda, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei xeral tributaria, Lei 58/2003.

Carballeda de Avia, 6 de xuño de 2016. O alcalde.
Asdo.: Luis Milia Méndez.

Cobro, en periodo voluntario, del impuesto sobre bienes inmuebles

De conformidad con lo previsto en el artículo 12 del Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, en relación con los artículos 23 y 24 del Reglamento General de Recaudación, Real Decreto 939/2005, de 29 de julio de 2005, se comunica a los contribuyentes afectados que el período voluntario de cobro del impuesto indicado será del 16 de junio de 2016 al 16 de agosto de 2016.

Los contribuyentes recibirán en su domicilio los impresos de los recibos-resguardo de pago, que deberán presentar en cualquier oficina de Abanca o en las oficinas municipales, en el período de pago antes mencionado, comprendido entre los días 16 de junio de 2016 y 16 de agosto de 2016, ambos inclusive, con la advertencia de que los recibos no abonados en el referido período de voluntaria determinará el comienzo del procedimiento ejecutivo, la percepción del recargo correspondiente y demás conceptos exigibles, tal y como se fija en el artículo 28 de la Ley 58/2003, General Tributaria.

En el caso de que algún contribuyente no reciba en su domicilio los impresos de los recibos-resguardo de pago, podrá solicitar duplicado en las oficinas municipales, con advertencia de que el hecho de no recibir los impresos no los exime de la obligación de efectuar el pago en el mencionado período voluntario de cobro, siempre que figure como contribuyente en las respectivas listas cobratorias. Asimismo, se hace constar que los impresos no justifican el pago, si no están refrendados por impresión mecánica o firma autorizada de la correspondiente oficina de la entidad bancaria o del ayuntamiento.

El presente anuncio tiene carácter de notificación colectiva, al amparo del artículo 102 de la Ley 58/2003, General Tributaria.

Los padrones y listas cobratorias de estos tributos, que comprenden a sujetos pasivos, bases impositivas y deudas tributarias, fueron aprobados por esta Alcaldía, y quedan expuestos al público los referidos documentos en las oficinas municipales, durante un plazo de un mes, a partir de la publicación de este anuncio en el BOP, a los efectos de examen y alegaciones o reclamaciones que se estimen pertinentes.

Contra los datos de las listas cobratorias y liquidaciones tributarias, los interesados pueden formular un recurso de reposición a que se refiere el artículo 14.2 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, dentro del plazo de un mes desde la finalización de la exposición, ante el alcalde-presidente del ayuntamiento, o cualquier otro que estime conveniente.

Los recibos no abonados en el período de pago voluntario incurrirán en un recargo del 5%, 10% y 20%, según proceda, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 28 de la Ley General Tributaria, Ley 58/2003.

Carballeda de Avia, 6 de junio de 2016. El alcalde.
Fdo.: Luis Milia Méndez.

Celanova

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno, na sesión ordinaria con data 30 de maio de 2016, aprobáronse as bases xerais e específicas para a contratación laboral temporal de catro traballadores para a realización da obra ou servizos “brigada de reforzo aos servizos de limpeza viaria e parques e xardíns” a tempo parcial (50% da xornada), polo sistema de oposición, así como a constitución da bolsa de traballo.

Así mesmo, achéganse as bases reguladoras das probas selectivas:

Bases xerais e específicas para a contratación laboral temporal de catro traballadores para a realización da obra ou servizos “brigada de reforzo aos servizos de limpeza viaria e parques e xardíns” a tempo parcial (50% da xornada), polo sistema de oposición.

A) Bases xerais.

Primeira.- Obxecto da convocatoria

1. É obxecto da presente convocatoria a contratación laboral temporal a tempo parcial, 50% da xornada, de catro (4.-) traballadores/as para a realización da obra/servizo “brigada de reforzo aos servizos de limpeza viaria e parques e xardíns”, cunha duración de tres (3.-) meses, ao abeiro das bases reguladoras do Programa Provincial de Cooperación cos Concellos en materia de empregabilidade correspondente ao ano 2016, da Deputación Provincial de Ourense, cuxa finalidade é a contribución ao sostemento económico dos servizos de competencia municipal, posibilitando, asemade, a contratación dos recursos humanos necesarios co dito fin, tanto a través das figuras contractuais propias da lexislación laboral como a través de contratos administrativos, así como o acordo da Xunta de Goberno do 6 de maio de 2016 da Deputación Provincial de Ourense de concesión da subvención.

2.- A contratación laboral temporal a tempo parcial en xornada de catro (4.-) horas diarias para obra ou servizo determinado, coa categoría profesional de peón, cunha duración de tres meses e unha retribución de seiscentos dezaoito euros con sesenta e seis céntimos (618,66 €) mensuais brutos, incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias, suxeitarase ao previsto no artigo 15 do Estatuto dos traballadores e demais disposicións de aplicación.

Segunda.- Condicións dos aspirantes

1.- Para ser admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, ademais dos que se establezan nas respectivas bases específicas para o ingreso no posto de traballo convocado:

a) Ter nacionalidade española. Non obstante, teranse en conta os seguintes supostos:

1. A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de Correos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos que, segundo o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadores/as.

2. A poboación nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadores/as nos termos en que esta estea definida no tratado constitutivo da Unión Europea.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.



d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado o inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación esixida (ver base específica segunda). Enténdese que se está en posesión da titulación esixida cando se tiveran aboado os dereitos correspondentes para a súa expedición.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá acreditarse que se está en posesión da correspondente homologación expedida polas autoridades educativas pertinentes. A posesión da titulación acreditarase coa presentación do título expedido ou do xustificante de ter pagadas as taxas correspondentes para a súa expedición para o caso de non se ter esta realizada no momento da presentación da solicitude.

2.- Os anteriores requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de obra ou servizo determinado (interese social).

Terceira.- Presentación de solicitudes

1.- As instancias nas que se solicita participar na oposición para a contratación laboral temporal a tempo parcial para obra ou servizo determinado, denominado “brigada de reforzo aos servizos de limpeza viaria e parques e xardíns” nas que os/as aspirantes manifestarán que reúnen todos os requisitos esixidos na base segunda, dirixiranse ao alcalde do concello e presentaranse no rexistro de entrada de documentos do concello, no prazo de dez días naturais, contados desde o seguinte a aquel en que apareza publicado o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Se o décimo día fose sábado ou festivo, o prazo rematará ao seguinte día hábil.

Xunto coa instancia acompañaranse a fotocopia do documento nacional de identidade e a copia compulsada da titulación esixida.

2.- Rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará unha resolución na que aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, que se fará pública no taboleiro de anuncios do concello, abríndose a continuación un prazo dun día hábil para reclamacións.

Contra a resolución que aprobe a lista definitiva ou confirme a provisional poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo. Potestativamente, tamén se poderá interpoñer un recurso de reposición, todo isto de conformidade coas previsións contidas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 14 de xaneiro. A resolución que aprobe a lista definitiva ou confirme a provisional farase pública na mesma forma que a provisional -no taboleiro de anuncios do concello-, e nesta determinarase a composición do tribunal cualificador e o lugar, data e hora de comprobación e cualificación dos méritos alegados polos/as aspirantes.

Cuarta.- Tribunal cualificador

O tribunal cualificador estará constituído da seguinte forma:

- Presidente: o encargado de parques e xardíns do Concello de Celanova.
- Vogais: tres funcionarios ou persoal laboral do concello ou doutros concellos.
- Secretario: a técnico de administración xeral, con voz pero sen voto.

Seralles de aplicación aos tribunais o previsto nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 14 de xaneiro, en canto á abstención e á recusación.

Quinta.- Características das probas

O procedemento de selección será a oposición que consistirá nunha proba práctica, segundo a natureza e funcións do posto de traballo que se vai desenvolver de acordo coas bases específicas. A proba práctica que deberán realizar os aspirantes no proceso selectivo descríbese nas bases específicas.

Sexta.- Relación de aprobados

Rematada a cualificación, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios do concello as puntuacións obtidas polos/as aspirantes e a proposta á Alcaldía da contratación daquel/a que obtivera a máxima puntuación.

A proposta elevada polo tribunal cualificador terá tamén a consideración de bolsa de emprego para futuras contratacións cando as necesidades do servizo o requiran.

Sétima.- Incidencias

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do oposición en todo o non previsto nas bases.

B) Bases específicas

Catro (4.-) traballadores/as, a tempo parcial, para a ocupación de peón para a realización da obra/servizo “brigada de reforzo aos servizos de limpeza viaria e parques e xardíns”.

Primeira.- Número de traballadores para contratar, caracterización do contrato de traballo e cometidos.

1.- Número de traballadores/as para contratar: catro (4.-).

2.- Caracterización do contrato de traballo

Tipo de contrato; Ocupación; Retribucións salariais mensuais (incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias); Tipo de xornada; Duración do contrato

Obra ou servizo (Interese Social); peón; 618,66 €; Tempo parcial (50% da xornada); 3 meses

3.- Cometidos: son cometidos para realizar polo/a traballador/a o desenvolvemento das funcións propias do persoal de parques e xardíns, así como de limpeza viaria, e deberán colaborar nas actividades organizadas polo concello nas vías públicas con motivo de distintos eventos culturais, deportivos e festivos.

Segunda.- Requisitos específicos dos aspirantes

Ademais das condicións xerais sinaladas na base segunda das bases xerais, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Graduado en Educación Secundaria Obligatoria ou equivalente. Cando se aleguen equivalencias de títulos, achegarase no seu día certificado para o efecto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Terceira.- Sistema de selección

Establécese como sistema de selección o de oposición.

Cuarta.- Desenvolvemento da oposición:

A esta fase correspóndelle unha puntuación máxima de 10 puntos.

A oposición constará dunha proba práctica, de carácter obrigatoria e eliminatoria, consistente en realizar, no tempo que indique o tribunal cualificador, actividades relacionadas cos labores de limpeza viaria, parques e xardíns e funcións de colaboración coas actividades organizadas polo concello nas vías públicas.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

O alcalde. Asdo.: José Luis Ferro Iglesias.

(Asinado electronicamente na marxe).

ANUNCIO CELANOVA BRIGADA DE REFORZO



Anexo I

Solicitud de admisión á oposición.

Contratación laboral temporal de catro traballadores para a realización da obra ou servizo “brigada de reforzo aos servizos de limpeza viaria e parques e xardíns”, a tempo parcial (50% da xornada).

Oposición para a selección e posterior contratación laboral temporal de catro traballadores para a realización da obra ou servizo “brigada de reforzo aos servizos de limpeza viaria e parques e xardíns”, a tempo parcial (50% da xornada), cunha duración de tres meses.

Datos persoais

Apelidos e nome: _____

DNI: _____

Rúa e número: _____

Localidade: _____

Provincia: _____

Código postal: _____

Teléfono: _____

E-mail: _____

Solicita ser admitido á oposición para a selección e posterior contratación laboral temporal de catro traballadores para a realización da obra ou servizo “brigada de reforzo aos servizos de limpeza viaria e parques e xardíns”, a tempo parcial (50% da xornada), cunha duración de tres meses.

Declara (marcar as casillas correspondentes):

☐ Ser español.

☐ Ser nacional de (país membro da Unión Europea): _____

☐ Ter cumprida a idade de 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

☐ Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño dos correspondentes traballos.

☐ Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, das comunidades autónomas, nin da Administración local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

☐ Non estar incurso en causa de incompatibilidade prevista legalmente (Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas).

Comprométese a probar documentalmente todos os extremos da declaración anterior, achegando a documentación pertinente en caso de serlle requirida.

Achega:

☐ Copia autenticada do DNI

☐ Titulación académica.

_____, ____ de _____ de 2016.

Asdo: _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CELANOVA

Contra as presentes bases, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante a Alcaldía deste Concello de Celanova, de conformidade cos artigos 116 e 117 de Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpor un recurso de reposición potestativo, non poderá interpor un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Todo iso é sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

O alcalde. Asdo.: José Luis Ferro Iglesias

(Asinado electronicamente na marxe)